


GUÍA DE USUARIOS DA BIBLIOTECA CEP A XUNQUEIRA N°2

¿Quén pode ir á biblioteca?

Todo o alumnado do Centro que teña o carnet da biblioteca escolar. Lembra que o precisas para realizar o préstamo. Para non perdelo pódolo deixar na caixa que hai enriba da mesa no posto da bibliotecaria



A Organización dos fondos

Todos os documentos da Biblioteca están ordeados según a Clasificación Decimal Universal (CDU), un sistema que utilizan todas as Bibliotecas do mundo. Para que che sexa máis doado localizar os fondos, os andéis están sinalizados coa temática á que pertencen, unha cor e un número.

Os fondos de ficción están ordeados por niveis lectores e levan unha pegatina circular na parte superior do lomo se están en lingua galega.

Azul: Pre-lectores.

Vermello: Primeiros lectores.

Verde: Lectores en marcha.

Amarelo: Lectores avanzados

C: CONTOS EN XERAL **Galego**
CA: CONTOS DE ANIMAIS
LI: LIBROS DE IMAXES
LM: LIBROS MUSICAIS
PC: PRIMEIROS COÑECEMENTOS
M: EU E O MUNDO QUE ME RODEA

PRE-LECTORES

C: CONTOS EN XERAL
CA: CONTOS DE ANIMAIS **Galego**
P: POESÍA
T: TEATRO

PRIMEROS LECTORES

N: NARRATIVA
NA: NARRATIVA DE AVENTURAS
NF: NARRATIVA DE FANTASÍA
NH: NARRATIVA DE HUMOR
NM: NARRATIVA DE MISTERIO
NT: NARRATIVA DE TERROR
NV: NARRATIVA DA VIDA REAL

P: POESÍA **Galego**
T: TEATRO

LECTORES AVANZADOS

Horario

A Biblioteca estará aberta nos recreos (martes e xoves)

Cada grupo de clase dispón dunha sesión semanal para utilizar a Biblioteca no seu horario lectivo. Pola tarde podeades utilizar os servizos que vos presta a Biblioteca para lectura, facer traballos... estará atendida polo profesorado de garda. O alumnado de Ed. Infantil e Primeiro Ciclo tedes que vir sempre acompañados dun adulto.

Préstamos

O prazo máximo de préstamo é de 15 días. Se se trata dun CD-ROM de 7 días. Se queres levar algunha revista poderás fécelo un mes despois da súa publicación.

Na primeira páxina do libro, na parte superior está o número de rexistro que lle deberás dicir á bibliotecaria para que cho anote no ordenador.

Cando devolvas o libro non o coloques nas estanterías, senón enriba da mesa de préstamos.

Lembra que os libros de consulta só se poden usar na sala para poder estar ao servizo de todos cando o precisen.

Servizos

Os servizos que presta a Biblioteca son, entre outros:

Lectura e consulta na sala, préstamo, información e acceso a Internet, elaboración de guías Boletíns, formación de usuarios...lugar de encontro con autores...



Normas xerais de funcionamento

Deberás estar silencio para que todos poidamos disfrutar do espazo.

Non poderás entrar con comida nin bebida.

Deberás estar sempre acompañado por un maestro/a.

Cando consultes un libro coloca no sitio correspondente o sinalador , que fixeches, para que poidas devolvelo a súa orixe.

Lembra que debes ser moi coidadoso/a cós libros. Se traen obxectos (cartas, lupas, CD...) deberás coidalos, para que os demais poidan tamén disfrutalos.

Se estropeas ou perdes algún libro, CD,DVD, CD-ROM ou outro material deberás repoñelo.



Normas de uso dos ordenadores:

Un dos servizos que che ofrece a biblioteca é o acceso a documentos electrónicos e a internet. Pódolos utilizar como usuario/a na zona de NNTT (Novas Tecnoloxías). Lembra que debes ter en conta o seguinte:

Só os poderás utilizar en presenza do bibliotecario/a e con finalidade educativa: consultar o catálogo da biblioteca, buscar información en páxinas webs, utilizar programas educativos... Non está permitido o uso de chats, correos electrónicos, modificar a configuración dos ordenadores ou instalar programas. Terás un tempo máximo de 20 minutos.



Participación:

O alumnado pode participar na xestión da biblioteca de varios xeitos:

A través do **Buzón de Suxerencias** para facer propostas ou solicitar novos materiais inexistentes nos fondos.

Como **Axudantes da Biblioteca**, os **alumnos/as** de 6º, durante os recreos.

Participando na actividade "**Eu leo, eu conto**", preparando historias e contos para contar a outros compañeiros.



Xeografía e historia

Dicionarios e enciclopedias

Ética

Ler e falar

Relixións e mitoloxía

Arte e Diversión

Vivir Xuntos

Saúde e Tecnoloxía

A Natureza e Matemáticas

Libros feitos por nós

